



JLML/MVL/mibg

Sr/a. director/a:

A realidade social galega está transformándose e trae consigo cambios importantes á realidade educativa dos nosos centros escolares. Un dos cambios máis destacados é o aumento da diversidade de alumnado que a estes acude, con diversidade de intereses, diversidade de motivacións, diversidade de capacidades e diversidade multicultural.

A importancia que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en xeral, e esta Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en particular, conceden á atención á diversidade como principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica fai que se adopten medidas co obxectivo de proporcionarlle a todos unha educación de calidade adecuada ás súas características e necesidades, adoptando as diferentes medidas organizativas e/ou curriculares que procedan, e atendendo neste caso, a diminuír as posibles desigualdades educativas que presente o alumnado de integración tardía no noso sistema educativo e o alumnado de minorías étnicas.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria é sensible coa necesidade de facilitar a incorporación ao noso sistema educativo do alumnado procedente do estranxeiro e ao alumnado de minorías étnicas, así como de darlle a máxima continuidade neste a ámbolos dous, sendo unha das prioridades intentar minimizar as dificultades que eles e as súas familias poidan ter nesta incorporación e na continuidade de estudos.

Nestes cursos, coa finalidade de seguir na liña dunha boa distribución de recursos que redunde na mellor atención e resposta ao noso alumnado, e dentro das dificultades derivadas da crise económica actual, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria segue a facer un esforzo considerable enviando unha dotación económica extraordinaria aos centros que, na nosa Comunidade Autónoma, traballan día a día na escolarización e atención do alumnado procedente do estranxeiro e de minorías étnicas.

Reciba un saúdo.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2012

O Director Xeral de Educación, Formación

Profesional e Innovación Educativa,



José Luis Mira Lema